

CONTRATO DE INVESTIGACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA PARA A ANÁLISE DIAGNÓSTICA DOS SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA

Ourense, 20 de decembro de 2023

COMPARECEN

Dunha parte Don Francisco Javier Rodríguez Rajo, con NIF 34981822H, nomeado Vicerreitor do Campus de Ourense da Universidade de Vigo con CIF Q8650002B (en diante UVIGO) por Resolución Reitoral do 23 de xuño de 2023, e actuando en nome e representación desta Universidade consonte a Resolución de 31 de outubro de 2023 (DOG nº 214 do 10/11/2023) de delegación de competencias.

Doutra parte, Dona Miriam Rodríguez Sierra, presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, CIF Q-1569016G, no exercicio das facultades que ten atribuídas de conformidade co Decreto 47/2017, de 27 de abril, polo que se aproban os Estatutos do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (DOG Núm. 94, 18 de maio de 2017).

Ambolos dous representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica dabondo, subscriben en nome das respectivas entidades o presente documento e, para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRA.- Que ambas entidades asinaron, con data 7 de abril de 2021, un convenio específico de colaboración para realizar actividades e proxectos en forma conxunta en todo tipo de asuntos que resulten de interese para as institucións que representan.

SEGUNDA.- Que o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia é unha corporación de Dereito Público, con carácter representativo do traballo social, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

TERCEIRA.- Que Colexio Oficial de Traballo social de Galicia (en diante COTSG) está interesado na colaboración co Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa da UVIGO para realizar investigacións referentes á análise

diagnóstica dos Servizos sociais e profesión do Traballo Social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que o presente contrato se realiza ao amparo do artigo 60 da Lei Orgánica do Sistema Universitario (Lei 2/2023, de 22 de marzo), e resto de lexislación aplicable.

Polo que as partes acordan subscribi-lo presente contrato que someten ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do presente contrato é a participación por parte do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa da UVIGO do Proxecto de Investigación "INFORME SOBRE OS SERVIZOS SOCIAIS E A PROFESIÓN DO TRABALLO SOCIAL EN GALICIA (en diante Proxecto) para o COTSG e por solicitude da mesma. Neste proxecto e informe participará tamén a empresa INDAGA como terceira parte contratada polo COTSG, se ben toda relación coa mesma a nivel contractual será a establecida e definida polo COTSG, non existindo relación contractual ningunha entre esta empresa e a Universidade de Vigo.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS DE ACEPTACIÓN DA INVESTIGACIÓN.

O Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa da UVIGO acepta realizar esta investigación de acordo co plano de traballo, persoal e do orzamento que se especifican na Memoria que se achega ó presente contrato (*Anexo I*)

TERCEIRA.- RESPONSABLES DO PROXECTO E DO SEGUIMENTO.

O responsable do desenvolvemento do traballo por parte da UVIGO, será o profesor D. Francisco Xabier Aguiar Fernández adscrito ó Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa que terá como interlocutor/a válido/a por parte do COTSG a D. David Gontán Varela, técnico desta Entidade, responsable do proxecto.

CUARTA.- EMISIÓN DE INFORMES.

O Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa da UVIGO coordinarase regularmente co COTSG (e coas entidades ou empresas que este designe para a realización conxunta deste proxecto) da marcha dos traballos. Finalizado o Proxecto emitirá un informe final no que se establecerán as conclusións ás que se chegue no mesmo.

QUINTA.- DURACIÓN.

A duración prevista para o desenvolvemento do proxecto será desde o 01 xaneiro de 2024 ata 31 xullo de 2024, e poderá renovarse de mutuo acordo se as investigacións non producisen aínda o froito esperado e ámbalas dúas partes consideren oportuna a súa prosecución.

SEXTA.- IMPORTE E CONDICIÓNS DE PAGAMENTO.

Como contraprestación para a realización do proxecto, o COTSG comprométese a lle pagar á UVIGO a cantidade de 3.800 euros que fará efectiva de acordo coas seguintes condicións:

- 50 % á sinatura do presente contrato
- 50 % ó finalizar o contrato.

Estas cantidades deberán incrementarse co correspondente IVE.

A realización deste contrato non supón gasto ningún para a UVIGO, polo que non é necesario consignación orzamentaria ningunha.

SÉTIMA.- FORMA DE PAGAMENTO.

O pagamento da devandita cantidade farase efectivo contra factura na c/c núm. ES26 2080 5000 61 3110263753 aberta en ABANCA Corporación bancaria a nome da UVIGO.

As facturas serán enviadas por medios electrónicos a:

Persoa contacto: David Gontán Varela

Teléfono: 981568100 / 604077879

Correo electrónico: coordinacion@traballosocial.gal

OITAVA.- CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN.

Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas no desenvolvemento do proxecto de investigación obxecto deste contrato, mentres esas informacións non sexan de dominio público.

Os datos e informes obtidos durante a realización dos proxectos conxuntos, así como os resultados finais, terán carácter confidencial. Cando unha das partes desexe utiliza-los resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo, conferencia, etc. Deberá solicitarlle a conformidade á outra parte por escrito, mediante carta certificada dirixida ó responsable da mesma no seguimento do proxecto.

A outra parte deberá responder nun prazo máximo de trinta días, comunicando a súa autorización, as súas reservas ou a súa desconformidade sobre a información contida no artigo ou conferencia. Transcorrido ese prazo sen obter resposta, entenderase que o silencio é a tácita autorización para a súa difusión.

Calquera tipo de publicación, respectarase sempre a mención ós autores da UVIGO que contribuíron no traballo. A difusión de resultados farase sempre referencia especial ó presente contrato.

NOVENA.- RESULTADOS DO TRABALLO

Cada parte seguirá sendo propietaria dos Coñecementos Previos aportados ao Proxecto. Non se entenden cedidos á outra parte, en virtude do presente contrato ningún Coñecemento Previo.

Consideraranse resultados do contrato aquelas informacións ou materiais, protexibles ou non, que sexan identificados como resultados nos informes entregados o COTSG en virtude da cláusula CUARTA, e que proveñen dos traballos obxecto neste contrato.

Na medida en que os resultados sexan protexibles, o COTSG terá preferencia para rexistrar ou depositar os correspondentes rexistros, aparecendo como autores aqueles investigadores da UVIGO que teñan participado nos traballos. Non obstante, o COTSG deberalle informar previamente á UVIGO de calquera decisión ó respecto.

O COTSG poderá explotar libremente estes resultados e a UVIGO non asumirá ningunha responsabilidade derivada de dita explotación.

No caso de que o COTSG non estea interesada nalgúns resultados protexibles orixinados no contrato, deberá, nos seis meses seguintes á obtención dos mesmos, comunicarllo á UVIGO, a cal decidirá se protexe e fai explotar os devanditos resultados.

Ademais, a UVIGO se reserva a facultade de uso dos coñecementos obtidos por ela mesma durante a realización do Proxecto para os fins da súa propia investigación e docencia, sen prexuízo dos dereitos do COTSG.

DÉCIMA.- SEGUIMIENTO E CONTROL

A UVIGO e o COTSG comprométense a manter periódicamente reunións (nas que poderán participar terceiras partes que o COTSG designe co mesmo fin), co fin de facilitar a relación e colaboración entre ambos, resolver os posibles problemas que poidan xurdir na execución deste convenio e impulsar a materialización efectiva do seu contido. Neste senso en caso de desacordo ou desavinza entre ámbalas dúas partes, intentarase resolver por unha Comisión Mixta Paritaria que se nomeará á sazón entre persoas do COTSG e a UVIGO.

UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

As partes poderán modificar o presente contrato por mutuo acordo e por escrito. A investigación obxecto do presente contrato poderá interromperse por mutuo acordo entre as partes contratantes, ben porque consideren os traballos finalizados antes do período marcado, ou por calquera outra causa.

O Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa da UVIGO entregarlle o COTSG un informe dos resultados obtidos ata o momento da interrupción e poderá utilizar libremente ditos resultados, sempre que salvagarde as condicións estipuladas nas cláusulas oitava e seguintes.

Así mesmo, o COTSG aboará a UVIGO o importe do traballo efectivamente realizado máis todos os gastos realizados e/ou comprometidos ata ese momento para o desenvolvemento do traballo.

DÉCIMO QUINTA.- RESCISIÓN DO CONTRATO.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente contrato por unha das partes facultará á outra para rescindi-lo mesmo, e quedarán automaticamente anulados tódolos dereitos correspondentes sobre o obxecto da investigación.

DECIMO SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes declaran coñecer e cumprir a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten expresamente, comprometéndose a utilizar debidamente os datos de tal natureza que obtengan como consecuencia do desenvolvemento do presente acordo, no marco do

disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

DÉCIMO SÉTIMA- DESACORDO.

En caso de desacordo ou desavinza entre ámbalas dúas partes, intentarase resolver por unha Comisión Mixta Paritaria que se nomeará á sazón entre persoas do COTSG e da Universidade.

DÉCIMO OITAVA.- XURISDICCIÓN.

As partes contratantes someterán as diverxencias que se puidesen presentar no que atinxe á interpretación ou incumprimento do presente contrato á xurisdicción e competencia dos tribunais da cidade de Vigo

Despois de leren o presente por si mesmos e estando conformes, asínano por duplicado e para un único efecto, no lugar e data anteriormente citados.

POLA UNIVERSIDADE

POLO O COTSG

Don Francisco Javier Rodríguez Rajo

D./Dna Miriam Rodriguez Sierra

ANEXO I

– RESUMEN DEL PROYECTO

*NOTA: Este proyecto se realiza en el marco de coodiseño y trabajo conjunto entre Colexio Oficial de Traballo social de Galicia (COTSG) como parte contratante, Universidad de Vigo (en adelante UVIGO) y empresa INDAGA.

En el cronograma se reflejan los compromisos y tareas asumidas por la Universidad de Vigo en el marco de esta colaboración.

Introducción:

Durante la última década se han realizado cuatro informes sobre los servicios sociales desde el Consejo General del Trabajo Social en España y la propia profesión del Trabajo Social de forma general (2013, 2016, 2018 y 2022). Estos estudios han abordado diferentes problemáticas contextuales y aspectos estructurales en torno al trabajo social que han sido analizados año a año. El principal abordaje de los informes ha sido eminentemente cuantitativo y ha consistido en una encuesta realizada a las personas colegiadas en España.

Sin embargo, si bien los informes anteriores pueden dar algunas orientaciones en cuanto a las principales tendencias que tienen lugar en el marco del trabajo social en las diferentes comunidades autónomas, no permite profundizar en las realidades sociales concretas de estos territorios.

En este sentido, el interés por aproximarse en mayor medida a la realidad del trabajo social en Galicia surge como una oportunidad para profundizar en el conocimiento e información disponible acerca de la estructura y las condiciones en que se desempeña el trabajo social en este territorio. Además de para ahondar en las experiencias, opiniones y necesidades de los y las profesionales. Permitiendo identificar problemáticas, demandas y reivindicaciones que emerjan desde las propias personas que ejercen esta labor en sus diferentes áreas.

La presente investigación se desarrolla desde una perspectiva de coodiseño entre tres entidades: Colexio Oficial de Traballo de Galicia (en adelante COTSG), Universidad de Vigo (UVIGO) e Indaga.

Objetivos:

Se planean los siguientes objetivos:

- a) Identificar las temáticas clave abordadas en anteriores estudios y seleccionar aquellas preguntas y ámbitos clave que puedan contribuir a la comparabilidad de los resultados obtenidos con la realidad de Galicia y, además, el análisis de sus especificidades.
- b) Mapear las estructuras de organización del trabajo social en el territorio gallego. Dimensionar el número de personas en función de los niveles de atención (atención básica y especializada), los sectores (público, empresa, tercer sector) y los ámbitos de trabajo (educación, inmigración...).
- c) Indagar sobre cuestiones relacionadas con el ámbito laboral (salarios, tipos de contratos, jornadas...) que permitan modelizar el perfil profesional de las personas colegiadas.
- d) Atender a la compleja realidad territorial gallega, abarcando las dimensiones de la ruralidad (rural y rural disperso), además de atendiendo a la realidad urbana.
- e) Recoger las opiniones, expectativas y necesidades de las personas colegiadas respecto de la profesión del trabajo social. Atendiendo al papel que le dan al Colexio Oficial de Trabajo Social de Galicia (COTSG) y a las diferentes administraciones.

– METODOLOGÍA

Siguiendo los objetivos expuestos, en esta ocasión se trabajará siguiendo una metodología cuantitativa (encuesta) que permita dimensionar las principales tendencias que afectan al trabajo social en Galicia, y lograr configurar una imagen precisa del estado de la profesión en el territorio.

Para el diseño del cuestionario se contará con revisiones de la propuesta inicial de Indaga por parte del equipo de la Universidad de Vigo y el COTSG. Posteriormente, definido el cuestionario se realizará un pre-test con personas pertenecientes a ambas entidades (ver apartado equipos y coordinación).

La estructura del cuestionario abordará las siguientes dimensiones (bloques temáticos):

1. Clasificación
2. Ámbito de actuación profesional
3. Ámbito laboral
4. Bienestar subjetivo
5. Opiniones y expectativas

El cuestionario se diseñará para un tiempo de cumplimentación de entre 10-15 minutos (dependiendo la complejidad del perfil), buscando un equilibrio entre la obtención de la mayor información posible y un menor número de no respuestas (a mayor duración mayor proporción de no respuestas).

Coordinación y equipos:

Siguiendo el anterior cronograma, se prevé 5 reuniones con los tres equipos (Indaga, COTSG y UVIGO). Diseño de la encuesta, inicio del campo, análisis preliminar, presentación de resultados y feedback tras la revisión del informe.

Así mismo dos reuniones específicas con el equipo UV en la fase de diseño y resultados. Y, finalmente, con el COTSG en la fase de campo.

Como consecuencia del desarrollo del trabajo de campo y siempre a petición expresa del COTSG se podría ampliar el tiempo de campo, suponiendo este tiempo adicional un retraso en el resto de las fases proporcional al tiempo adicional de campo.

La coordinación entre los equipos participantes en el proyecto será asumida por Indaga, proponiendo reuniones en cada una de las fases de la investigación con los equipos del Colexio y de la Universidad de Vigo según proceda.

ESPECIFICACION TAREAS ENCOMENDADAS A UNIVERSIDAD DE VIGO EN EL MARCO DEL PROYECTO:

1. Participación en el diseño y supervisión de cuestionario.
2. Participación en reuniones de seguimiento y supervisión, realizando en cada momento las aportaciones que se consideren oportunas.
3. Participación en elaboración de informe final, a partir de los análisis de resultados realizados por INDAGA.

– **IMPORTE Y PRESUPUESTO**
(Parte Equipo Universidad de Vigo).

3.800 Euros

– **FECHA DE INICIO Y DURACIÓN TOTAL (Cronograma)**

El trabajo se realizará entre enero y julio del año 2024 incluyendo las siguientes fases: diseño del cuestionario, grabación en plataforma online, selección de la muestra, pretest y realización de la encuesta a las personas colegiadas (campo), validación de la base de datos, análisis de los resultados y redacción del informe de resultados y entregas.

– EQUIPO INVESTIGADOR DE LA UVIGO:

MODELO: EQUIPO INVESTIGADOR UVIGO

Nome e Apellidos¹	Tipo persoal	Departamento/Facultade	Porcentaxe dedicación
Francisco Javier Aguiar Fernández	Contratado Doutor.	Análisis e Intervención Psicosocioeducativa	15%
Ana Belén Méndez Fernández	Titular E. U.	Análisis e Intervención Psicosocioeducativa	5%
Monica López Viso	Contratado Doutor	Socioloxía, Ciencia Política e Filosofía	5%
Yolanda Rodríguez Castro	Titular U.	Análisis e Intervención Psicosocioeducativa	5%
Rosana Martínez Román	Ayudante Doctor	Análisis e Intervención Psicosocioeducativa	5%

¹ Con nome e apellidos, só persoal con vinculación á UVIGO (funcionario, contratado doutor, FPI, ...)